



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Aprobación das bases que rexerán a selección dun técnico para o Centro de Interpretación das Minas de San Finx.

**Expediente:** 2019/G003/000450

Vistas as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2019 (BOP núm. 30 do 12/02/2019) e a convocatoria deste programa (BOP núm. 36 do 22/02/2019).

Vista a Resolución núm. 2019/20405 pola que se aproba a Resolución definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO216: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2019 (BOP núm.113 de 17/06/2019), mediante a cal ao concello de Lousame se lle concede unha subvención de 6.199,28€.

Existindo a necesidade de proceder á contratación con carácter temporal dun **técnico para a atención do museo e centro de interpretación das Minas de San Finx** por un período de **3 meses a xornada completa**, ao abeiro do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2019.

Visto o Informe emitido polo técnico de administración xeral do Concello sobre o procedemento de selección.

Visto o Informe emitido pola Intervención Municipal, sobre o expediente administrativo.

Vista a existencia de crédito axeitado e suficiente, habilitado pola aprobación da Modificación Orzamentaria núm. 27/2019, aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 391/2019 do 15.07.2019.

A Base núm. 69 do Orzamento de Lousame, esixe que a Alcaldía emita unha Memoria xustificativa da concorrencia dos requisitos de necesidade de urxente cobertura e de tratarse de servizos básicos e esenciais, a fin de dar cumprimento ao RDL 20/2011 de 30 de decembro e LOXE para o ano 2019. Sen embargo, neste expediente non é necesario, tal e como prevé a Base núm. 69, por estar esta contratación integramente financiada por outra Administración Pública (Deputación da Coruña)

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** En base aos artigos 103 e 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 14 de abril, aprobar e aplicar a dita contratación laboral, as bases anexas ao presente acordo, que conteñen a regulación do procedemento de selección por concurso-oposición pública dun técnico para a atención ao museo e centro de interpretación das Minas de San Finx, mediante contrato eventual por





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

circunstancias de produción ou acumulación de tarefas con carácter temporal, polo período de 3 meses a xornada completa, como parte íntegra do expediente e do contrato que se formalice.

**SEGUNDO.-** O gasto correspondente será aplicado con cargo ás aplicacións orzamentarias 432.13100 e 432.16000 do Orzamento Municipal; proxecto de gasto 29.19.

**TERCEIRO.-** Aplicar e convocar o concurso-oposición pública, como forma de selección, conforme ao establecido no artigo 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 19 e 20 da Lei 30/1.984, de 2 de agosto, e á publicación da convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da Provincia, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de **cinco días hábiles** a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio.

#### ANEXO:

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO PARA A ATENCIÓN AO MUSEO E CENTRO DE INTERPRETACIÓN DAS MINAS DE SAN FINX PARA O PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN, DURANTE O ANO 2019**

#### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a contratación de 1 técnico/a para a atención do museo e centro de interpretación das Minas de San Finx, por un período de 3 meses, a tempo completo, baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias de produción ou acumulación de tarefas, ao amparo do establecido no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

As esixencias circunstanciales as que se pretende dar resposta son as indicadas na Memoria da Alcaldía, que serviron de base para a concesión da subvención pola Deputación da Coruña, así como as tarefas complementarias necesarias:

- Elaboración de guías e programas de visitas ás Minas de San Finx.
- Facer os itinerarios e deseño da ruta mineira.
- Organizar o programa de actividades para visita de escolares.
- Deseño de carteis informativos sobre as Minas.
- Elaborar o contido da cartelería dos edificios e de todos os elementos de interese presentes na ruta que parte do poboado mineiro.

#### 2. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade de contratación será a dun contrato de traballo baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias de produción ou acumulación de tarefas, por un período de 3 meses, a tempo completo, ao abeiro das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2019 (BOP núm. 30 de 12/02/2019).

Prazas convocadas: 1 técnico para a atención ao museo e centro de interpretación das Minas de San Finx, por período de 3 meses a xornada completa (40 horas semanais). A persoa contratada estará obrigada a





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións ditadas pola alcaldía.

As retribucións estipuladas para este posto son de 1.518,50 euros brutos mensuais (incluído todos os conceptos salariais e pagas extraordinarias).

### 3. PUBLICIDADE.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de edictos do Concello de Lousame e na WEB municipal.

A convocatoria, que incluírá un extracto das bases, será publicada mediante anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia, no taboleiro de anuncios do Concello Lousame e na WEB municipal.

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame.

### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado.  
No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título universitario ou equivalente requirido, segundo o espazo europeo de educación superior, con formación académica nalgunha das materias que se relacionan coa especialidade do campo ao que se opta: grao en historia, historia da arte, máster en xestión do patrimonio artístico e arquitectónico, museos e mercado da arte, ou antigo nivel de licenciatura en historia da arte ou museoloxía.
- Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 4 ou título equivalente ou superior. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo). Se a persoa proposta para a contratación non cumpre este requisito, terá que superar unha proba escrita de coñecemento do nivel de Galego esixido.
- Posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B1 en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, cuxa documentación xustificativa será comprobada na fase de acreditación que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo. Quedarán automaticamente eliminados os que non reúnan os ditos requisitos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## 5. DESTINATARIOS.

**5.1.-** O traballador ou traballadora que se contrate para a realización das obras e servizos descritos no punto 1 destas bases, deberá cumprir o establecido no punto 4 destas bases. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

**5.2.-** Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, cuxa documentación xustificativa será comprobada na fase de acreditación que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

Quedarán automaticamente eliminados os que non reúnan os ditos requisitos.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria, deberán facelo constar en instancia dirixida á Sra. alcaldesa, segundo o modelo establecido no Anexo II das presentes bases, no Rexistro do Concello de Lousame (presencial ou o da sede electrónica do Concello), ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **cinco (5) días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior circulación da provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Lousame, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia á dirección de correo electrónico: [arturo.barreiro@concellodelousame.gal](mailto:arturo.barreiro@concellodelousame.gal), ou ao Fax do Concello (981821865) no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

1. Copia do DNI ou documento de identificación.
2. Fotocopia do CELGA 4 ou título equivalente ou superior. Se a persoa proposta para a contratación non cumpre este requisito, terá que superar unha proba escrita de coñecemento do nivel de Galego esixido.
3. Declaración xurada segundo o modelo do Anexo III da presente convocatoria
4. Acreditación da formación mínima segundo o especificado na Base cuarta (orixinal ou copia cotexada).
5. Copia da documentación acreditativa da formación que se achegue a efectos de valoración de méritos.
6. Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.
7. Carné de conducir tipo B en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación.

Non se valorarán os méritos que non estean expresamente contemplados no baremo que figura na presente convocatoria.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren. Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalguna das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado español ou no estranxeiro, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a Sra. alcaldesa-presidenta da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe de persoas aspirantes provisionalmente admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos do Concello de Lousame

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para a emenda de deficiencias dende a publicación do anuncio no taboleiro de edictos municipal, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No prazo máximo de tres (3) días hábiles dende o remate do prazo anterior, ou no caso de non necesidade de emenda de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello, así como o nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, a data de reunión do Tribunal para a valoración de méritos, así como indicación do día, hora e lugar en que se realizarán as probas previstas nas presentes bases, publicación que servirá de citación ás persoas aspirantes.

## 8. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A designación dos membros do Tribunal, farase na Resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O Tribunal Cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, tres vogais e os seus suplentes.

Todos os membros do Tribunal deberán contar coa titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ás praza obxecto da presente convocatoria. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

En todo caso será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal Cualificador cando concorran ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da referida Lei.

O Tribunal Cualificador quedará facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

O Tribunal Cualificador poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

De todas as reunións que faga o Tribunal levantarase a correspondente acta, subscrita polo/a secretario/a do mesmo.

## 9. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección da persoa aspirante efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

A puntuación máxima que pode acadarse no concurso-oposición e de 25 puntos distribuídos da seguinte maneira:

### A) FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS (Ata 10 puntos):

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes.

- A puntuación máxima outorgada na fase de concurso non poderá exceder de dez (10) puntos.
- As puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.
- Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo segundo o seguinte:

#### BAREMO:

##### A.1.- Experiencia laboral (Ata 6 puntos).

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 6 puntos.

- a) Servizos prestados na mesma ou similar categoría profesional á convocada na Administración pública: 0,20 puntos por cada mes completo.
- b) Servizos prestados na mesma ou similar categoría profesional en Centros, Entidades ou Empresas: 0,10 puntos por cada mes completo.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Será necesario presentar **informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos**, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

##### A.2.- Formación específica. Cursos de formación e perfeccionamento (Ata 4 puntos).

Pola participación, como asistente ou relator/a, en cursos de formación e perfeccionamento organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da Administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, relacionados cos campos da cultura, o turismo, o patrimonio, o desenvolvemento local e/ou a xestión cultural, computándose:

- 1) De 100 ou máis horas de duración 0,25 puntos/curso.
- 2) De 60 e 99 horas de duración 0,20 puntos/curso.
- 3) De 30 a 59 horas de duración 0,15 puntos/curso.
- 4) De 10 a 29 horas de duración 0,10 puntos/curso.
- 5) De menos de 10 horas de duración 0,05 puntos/curso.
- 6) De 10 ou máis créditos 0,25 puntos/curso.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- 7) De 6 a 9 créditos 0,20 puntos/curso.
- 8) De 3 a 5 créditos 0,15 puntos/curso.
- 9) De 1 ou 2 créditos 0,10 puntos/curso.

A puntuación máxima acumulada neste apartado non poderá superar os 4 puntos.

Os méritos alegados deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Os cursos de informática e novas tecnoloxías enténdense relacionados co contido do posto obxecto desta convocatoria, así como aqueles cursos de lingua estranxeira.

A validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento en lingua galega non computará na fase de concurso.

No suposto de non acreditar a duración dos cursos, entenderase que son de menos de 10 horas de duración.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles "cursos" cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

## B) FASE DE OPOSICIÓN

### B.1.- Proba escrita (Ata 15 puntos):

A fase de oposición consistirá nunha proba escrita que ten por obxecto valorar tanto os coñecementos sobre a materia como a súa aplicación práctica, e versará sobre o temario que se recolle no Anexo I das presentes bases. Constará dun cuestionario de 60 preguntas tipo test. Mediante esta proba avaliaranse os coñecementos que ten a/o candidata/o sobre a materia obxecto desta convocatoria.

A proba escrita terá unha duración máxima de 1 hora e unha valoración de 15 puntos como máximo, a razón de 0,25 puntos por resposta correcta. Para aprobar, cómpre obter como mínimo 7,5 puntos. As respostas incorrectas non descontarán puntuación.

**B.2.- Proba de Lingua Galega:** Unha vez concluída esta Fase procederase á realización da proba escrita de galego. De ser precisa, esta proba será cualificada como apta ou non apta.

## 10. CUALIFICACIÓN FINAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. BOLSA DE TRABAJO.

**10.1.-** O tribunal de selección procederá a cualificación dos aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á alcaldesa a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total. A cualificación obtida polos aspirantes será a da fase de concurso máis a fase de oposición, acadándose así a puntuación final. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na proba teórica da fase de oposición.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## 2.º. A maior puntuación obtida pola formación da fase de concurso.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta á Sra. alcaldesa-presidenta para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acredite méritos suficientes.

Se o candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Concluído o proceso, o tribunal emitirá acta final cos resultados acadados e coa proposta dos aspirantes.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación global.

**10.2.-** Rematada a selección o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de edictos do Concello a relación de aspirantes seleccionados por orde de puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, no prazo de tres (3) días naturais dende a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar os seguintes requisitos:

1. Orixinais da documentación presentada coa solicitude de participación.
2. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
3. Certificado de número de conta bancaria (20 díxitos)

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á alcaldía-presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.

## 10.3.- BOLSA DE TRABAJO.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións, permisos ou baixas que se produzan durante a vixencia do programa.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Lousame, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión de postos e elaboración das bolsas de traballo.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de edictos do Concello a efectos de dar a publicidade





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesión autorizadas nunha norma con rango de Lei.

## 12. NORMAS FINAIS.

Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

## 13. RECURSOS.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases nun dos diarios de maior circulación na provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Sra. alcaldesa-presidenta, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no diario de maior circulación da provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

## ANEXO I

### TEMARIO

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. O procedemento administrativo común: concepto, principios xerais, fases e terminación do procedemento.
3. O procedemento administrativo. Os dereitos e deberes dos administrados. Os interesados.
4. A función pública local. Concepto e clases de persoal ó servizo das entidades locais: funcionarios, persoal eventual e persoal laboral.
5. Os dereitos e deberes de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. O réxime local español: Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio e a provincia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

7. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos.
8. A organización municipal. O concello. Órganos básicos: Alcalde e Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. As competencias municipais, con especial referencia os ámbitos cultural, educativo e turístico.
9. Seguridade e saúde no traballo: a Lei de prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.
10. A Lei para a defensa dos consumidores e os usuarios e o Estatuto galego do consumidor e usuario. O sistema arbitral.
11. O produto turístico. Concepto e características. Xestión, ciclo de vida do produto e a súa viabilidade. A marca e o produto. Inventario de recursos turísticos. Valoración e aproveitamento dos recursos turísticos. Produtos turísticos da provincia da Coruña.
12. Calidade e satisfacción no sector turístico. Concepto e modelos de calidade.
13. Xestión da calidade en empresas e destinos turísticos. Imaxe de marca dun destino turístico. Creación da marca.  
Tipos marca – destino.
14. A comunicación turística. A publicidade e os medios publicitarios. A utilización de internet na comunicación e na publicidade. Marketing dun destino a través do ciberespazo: webs.
15. A sinalización turística. Obxectivos, principios e estrutura organizativa. Tipos de carteis turísticos.
16. Dinamización de oficinas de turismo. Análise. Diagnóstico. Estratexias de actuación.
17. A lei do turismo en Galicia: estrutura e contido. Obxecto e suxeitos da lei. Ordenación da oferta turística: principios xerais para o exercicio das actividades turísticas.
18. Os aloxamentos turísticos. Os hoteis, os aloxamentos turísticos extrahoteleiros. Ordenación dos establecementos hoteleiros e campamentos públicos en Galicia.
19. Servizos de guías turísticos. Relación coas empresas, entidades e profesionais do sector.
20. Programación de itinerarios turísticos. Viabilidade dos recursos turísticos do contorno para efectos de programar itinerarios. Técnicas de programación de itinerarios turísticos.
21. O turismo no medio rural. Aproximación conceptual. Tipoloxías de aloxamento turístico rural.
22. Xestión e demanda de espazos naturais. Plans de ordenación dos recursos naturais. Espazos naturais protexidos en Lousame e Ría de Muros-Noia. Categorias.
23. O mercado español do ecoturismo. Tipoloxías e destinos. O consumidor ecoturístico. Canles de comercialización.
24. Termalismo. Orixe, evolución e potencialidades do turismo de saúde. O club de produto vilas termais.
25. Os espazos turísticos litorais. Produtos turísticos relacionados. O Turismo náutico. A importancia do turismo náutico en Galicia. Portos deportivos da provincia da Coruña.
26. Festas declaradas de interese turístico. Principais festas e eventos da provincia da Coruña e a súa influencia na desestacionalización do turismo.
27. A oferta turística gastronómica: eventos de exaltación gastronómica na provincia da Coruña. Denominacións de orixe.
28. Concellos declarados de interese turístico na provincia da Coruña. Plans de dinamización e de excelencia turística.
29. Planificación e organización de feiras e eventos turísticos. Obxectivos e prospección do mercado. Pre-feira, feira e postfeira.
30. A acción social do turismo. Impactos negativos e positivos do turismo nos ámbitos económico e sociocultural. A súa contribución pola mellora da situación no plano público e privado.
31. Turismo e deporte. Tendencias actuais e futuras. Impacto socio-económico. Colaboración pública e privada. Mecanismos de innovación. Xestión do marketing. A actuación das empresas que organizan actividades de turismo activo.
32. Turismo cultural. Cultura e turismo un binomio inseparable. Novas oportunidades de desenvolvemento para os territorios. Como xestionar o turismo cultural.
33. Protocolo no turismo. Rangos de ordenación. Celebración de actos.
34. Conservación e promoción do patrimonio.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

35. A actividade turística en Lousame e na Ría de Muros-Noia. Estrutura do sector e datos socioeconómicos. Presente e futuro.
36. Exposicións. Deseño e montaxe.
37. Os Museos. Definición. Normativa de aplicación e organigrama do sistema museístico. Tipoloxía e funcións.
38. A protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago: normativa reguladora. Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Categorias. Obrigas dos concellos de Galicia respecto dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia localizados no seu termo municipal.
39. Os Camiños de Santiago, cultura e sendeirismo. As rutas tematizadas.
40. Realidade turística e cultural do Concello de Lousame.

## ANEXO II

### MODELO DE SOLICITUDE:

D./Dña....., con DNI núm. ....  
..... e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....  
..... CP..... teléfono.  
..... e correo electrónico.....  
.....

### EXPÓN:

Enterado/a da convocatoria para a provisión de dunha praza de persoal laboral temporal (3 meses), a xornada completa, para o posto de técnico centro interpretación das Minas de San Finx, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria:

### SOLICITA:

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

- ☐ Copia do DNI
- ☐ Acreditación da formación mínima, segundo base cuarta.
- ☐ No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.
- ☐ Carné de conducir tipo B1 en plena vixencia.
- ☐ Documentación acreditativa da formación aportada pola persoa aspirante a efecto de valoración de méritos.
- ☐ Documentación acreditativa da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data de inicio e de remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e contratos de traballo**) a efectos da valoración de méritos.
- ☐ Declaracións xuradas segundo modelos adxuntos.

Lousame, ..... de ..... de 2019

Asdo:

### ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOUSAME

Cláusula xeral.-De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concelloodelousame.com  
concelloodelousame@concelloodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollos por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

### ANEXO III

#### MODELO DE DECLARACIÓN XURADA.

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI número ..... e domicilio a efectos de notificación en ..... con número de teléfono..... e dirección de correo electrónico .....

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

**Primeiro.**– Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

**Segundo.**– Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

**Terceiro.**– Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

**Cuarto.**– Que non padezo enfermidade ou minusvalía que impida exercer as funcións propias da praza á que opto.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Lousame para o posto de:

Asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Lousame, ..... de ..... de 2019

*Sinatura.*

Asdo.:

Alcaldía do Concello de Lousame

*Mándao e asíno a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

*O Alcalde Accidental*

*A secretaria-interventora  
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do  
artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)*

*Ramón Manuel Martínez Rial*

*Paula Ares Otero*

FIRMADO POR Ramón Manuel Martínez Rial (FECHA: 18/07/2019 10:27:00)

Paula Ares Otero

(FECHA: 18/07/2019 09:13:00)

Decreto N.º: 397/2019 - Fecha de decreto: 18/07/2019

Versión imprimible

CVD: HCJ4cJQgYFK5VBj8q5N1  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

